

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO RPM PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A DANZA E AS ARTES VIVAS "RESIDENCIAS PARAÍSO" EN 2021

Santiago de Compostela

Por unha banda, Román Rodríguez González, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Doutra, Félix Fernández Fernández, na súa calidade de presidente da Asociación Cultural Colectivo RPM (en adiante Asociación), con NIF G-70529268 con poderes suficientes para actuar no nome da entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e na súa Asamblea xeral extraordinaria do 02.09.2020.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Cultural Colectivo RPM é, segundo os seus estatutos, unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fins fomentar a creación artística contemporánea no eido das artes vivas, favorecer a relación entre os distintos axentes vinculados ás artes vivas en Galicia e normalizar e visibilizar as artes vivas e a creación contemporánea na nosa comunidade, e para levar a cabo estes fins a asociación poderá organizar e desenvolver eventos, festivais, congresos, talleres, encontros, actividades pedagóxicas, publicacións, presentacións artísticas, conferencias, asesoramentos, metodoloxías, acompañamentos procedimentais, xestión e coordinación de espazos e demais actividades complementarias relacionadas coa arte.



A Asociación Colectivo RPM é a única asociación cultural enfocada á danza e ás artes vivas de creación contemporánea en Galicia, que aglutina unha parte importante da comunidade artística vinculada a este ámbito. Unha entidade cun importante labor desenvolvido nos últimos cinco anos para mellorar o contexto da danza, recoñecido polo sector das artes escénicas galego e nacional.

O carácter da Asociación como única entidade galega do ámbito das artes vivas de creación contemporánea; o seu carácter integrador ao sumar un alto número de artistas, con máis de corenta asociados que se foron sumando nos últimos anos, pero integrador tamén ao acubillar dentro do seu proxecto a teatros, centros de arte e culturais e universidades cos que dar soporte a distintos proxectos de danza e artes vivas impulsados por artistas de dentro e de fóra de Galicia; o traballo que a entidade desenvolve para que o concepto de "residencia artística" no que se basea este programa se normalice en Galicia, así como o logro de converter o programa Residencias Paraíso nun lugar xa de referencia no ecosistema cultural galego moi vinculado á vangarda (afastándose da disciplina clásica) e á innovación no campo das relacións entre persoas, comunidades e institucións; e a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización do presente convenio de colaboración.

Terceiro. Entre os proxectos de xestión, mediación e difusión cultural que a Asociación vén realizando de forma continuada destaca o programa Residencias Paraíso, un programa de residencias artísticas para a danza e as artes vivas que cumpre en 2021 a súa quinta edición e baixo o cal se desenvolveron 37 proxectos que gozaron de apoio para dedicarse á investigación e creación en diferentes espazos anfitrións como o Teatro Rosalía Castro, Teatro Colón, Auditorio de Galicia, Auditorio Municipal de Ourense, Pazo da Cultura de Carballo, Pazo da Cultura de Narón, o Vello Cárcere de Lugo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Sala Agustín Magán, Igrexa da Madalena, a Normal da Universidade da Coruña, Fundación Luís Seoane, así como a Graner en Barcelona ou o Café de Las Artes en Santander.

Residencias Paraíso pretende fomentar a aparición de novos proxectos de investigación e creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística do noso territorio. Pero o maior valor de Residencias Paraíso é que sucede grazas á colaboración de espazos de distinta natureza, dende teatros ou centros culturais a espazos non convencionais. Unha diversidade de tipoloxías que favorece a acollida das diversas fases dun proxecto artístico, dende a investigación, a escrita, o traballo dramático ou a creación coreográfica ata residencias de carácter técnico. Esta suma de forzas e de diálogo entre todas as partes, impulsores, coprodutores e espazos cómplices, é o que dota dunha identidade singular a este proxecto.

Cuarto. A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento do programa Residencias Paraíso co propósito de normalizar no noso territorio o concepto de residencia artística, práctica habitual no contexto europeo; de apostar pola investigación e mais a creación, respectando o espazo e o tempo dedicados á investigación artística dos creadores, verdadeiro xerme das obras artísticas; de favorecer a creación de públicos para o sector da danza e as artes vivas a través das programacións expandidas, ao incidir este programa no establecemento de vínculos entre os artistas e as comunidades de acollida.



Todo este esforzo no fomento dun sector como o da danza e as artes vivas que leva a cabo a Asociación Cultural Colectivo Paraíso coinciden coa liña de difusión e promoción deste ámbito que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas de cara ao seu afianzamento.

Quinto. Tendo en conta o carácter específico da actuación non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, por ser esta entidade a única que organiza e desenvolve un programa conxunto de residencias artísticas implicando a máis de quince entidades culturais repartidas por todo o territorio autonómico.

Igualmente xustifica a imposibilidade da promoción da concorrencia o feito de tratarse dun obxectivo operativo que colabora na consecución do fin estratéxico da Agadic. Dentro desas liñas de traballo encamiñadas a dotar de maior estabilidade ao sector e de apoio aos procesos de creación no sector escénico, a Agadic considera como un dos máximos expoñentes o programa "Residencias Paraíso", un programa de residencias artísticas para a danza e as artes vivas de titularidade da Asociación Cultural Colectivo RPM, que cumpre en 2021 a súa quinta edición e baixo o cal se desenvolveron preto de corenta proxectos que obtiveron apoio para dedicarse á investigación e creación en diferentes espazos.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento do programa da Asociación Cultural Colectivo RPM para a danza e as artes vivas "Residencias Paraíso" en 2021.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA

O programa contempla o desenvolvemento da quinta edición de Residencias Paraíso, un programa de impulso da danza e a creación contemporánea en Galicia dirixido a artistas galegos e do resto do



territorio nacional que precisen recollese de forma intensiva arredor dun proxecto de investigación ou creación durante dúas ou tres semanas nun dos espazos que forman parte da rede: Teatro Rosalía Castro, Vello Cárcere de Lugo, Igrexa da Madalena, Centro Torrente Ballester, Pazo de Cultura de Carballo, Pazo da Cultura de Narón, Normal Universidade da Coruña, Salón Teatro e Cidade da Cultura.

Unha comisión de valoración formada por profesionais do sector valorarán a integridade e innovación artística das propostas, o grao de madurez e solidez do proxecto, a relación do proxecto e o territorio así como as prácticas de programación expandida que poidan arroupar a estancia durante a residencia.

As residencias realizaranse entre os meses de maio a setembro, cunha duración de entre dúas e tres semanas, en función das características de cada proxecto seleccionado.

O programa complétase cunha cita anual, Encontro Paraíso, que supón a única coincidencia do grupo de artistas residentes ao longo do proceso. A Illa de San Simón será o marco do Encontro Paraíso en 2021, durante os días 24 e 25 de setembro, dúas xornadas durante as cales se afondará nas dinámicas do encontro e se compartirán as claves de cada experiencia en residencia.

TERCEIRA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 25.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1 432B 781.00 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 46.577,99 euros (impostos incluídos). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

CUARTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Realizárase un pagamento anticipado por importe do 50%, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á actividade subvencionada.

A entidade tamén poderá solicitar pagos á conta, segundo o artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80 %.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados. O artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.



Segundo o artigo 67.2 do Regulamento, a garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade recíproca que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación. A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas a conta ou das cantidades anticipadas.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluirase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión,



impresos e en liña, deberán incluír os logotipos da Xunta de Galicia e Xacobeo 21.22, de acordo cos seus respectivos manuais de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SÉTIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2021 e a data límite de xustificación (15 de decembro de 2021).

GASTOS SUBVENCIONABLES	IMPORTE DA ACTIVIDADE
Dotación artistas	20.000 euros
Dotación total para acoller ata oito proxectos de residencia	
Comisión de valoración	726 euros
Gastos relativos ao proceso de selección dos proxectos	
Gastos de produción	11.235,19 euros
- Persoal de produción (dúas persoas encargadas da produción do programa).	6.015
- Material técnico para as residencias (cableado, iluminación básica, equipo son...).	476,99
- Desprazamentos do equipo coordinador do programa para o acompañamento das residencias.	484
- Encontro Paraíso (desprazamentos e mantenza dos profesionais convidados na Illa de San Simón).	2.480,50
- Gastos de xestoría, seguros e financeiros ou garantía bancaria	1.778,70
Comunicación e difusión	4.331,80 euros
- Rexistro documental de cada residencia	3.630
- Fotografía artística encontro anual	484
- Web	217,80



Labores dirección (3.630), codirección (3.630) e coordinación (3.025) do programa	10.285 euros
TOTAL	46.577,99 euros

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 15 de decembro de 2021. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas terán como data límite o 15 de febreiro do ano 2022.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de rateo na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, los gastos de asesoría jurídica o financeira, los gastos notariales y registrales y los gastos periciales, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constitúa, para la realización del proyecto subvencionado y los de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados con la actividad subvencionada y son indispensables para la adecuada preparación o ejecución de la misma.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓN DE PAGAMENTO

1. A entidade beneficiaria deberá xustificar o importe total da actividade (46.577,99 euros). O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 50 % do importe total do convenio aboarase en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio, previa a presentación pola entidade beneficiaria da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A declaración responsable de non incorrer nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Solicitud de anticipo, xunto coa memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades. O anticipo deberá concederse mediante resolución motivada.

4. En caso de que o anticipo e os pagamentos a conta solicitados superen os 18.000 euros, deberá presentar o seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade recíproca, que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación e que deberá cubrir o 110 % do importe solicitado.



b) O 50 % do importe total restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión dos logotipos da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2021.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).
- Unha memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade subvencionada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

3. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.



A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Declaración responsable de exención ou suxeición á obriga de declarar o IVE.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 15 de decembro de 2021.

NOVENA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas, nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.



DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
- A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Xestión da Agadic.

3. Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Agadic.

DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



DÉCIMO TERCEIRA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
 - a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
 - b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
 - c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO QUINTA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



DÉCIMO SEXTA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMO SÉTIMA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

POLA AGADIC

POLA ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO RPM

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Agadic

Félix Fernández Fernández
Presidente

